

# BOLSAS DE XERENCIA EN COOPERATIVAS

## Convocatoria 2018 - Destinatarias: Persoas desempregadas

### | Programa de mellora e consolidación de cooperativas |

#### Convoca

Unión de Cooperativas Galegas EspazoCoop, dentro do proxecto CONSOLIDAGAL incluído no Programa Operativo de Inclusión Social e Economía Social 2014-2020, e dentro do Programa de actuación 2018 da Rede Eusumo.

A Rede Eusumo é unha rede de colaboración impulsada pola Secretaría Xeral de Emprego da Xunta de Galicia para o fomento e consolidación do cooperativismo e a economía social que conta co financiamento do Ministerio de Empleo y Seguridad Social.

A convocatoria do Programa Operativo de Inclusión Social e Economía Social (POISES) 2014-2020 a realiza CEPES en calidade de organismo intermedio do Fondo Social Europeo.

#### Financia

Fondo Social Europeo, Xunta de Galicia e Ministerio de Empleo y Seguridad Social



#### Obxecto

ESPAZO COOP, como entidade representativa do cooperativismo en Galicia e integrada por cooperativas con distintas actividades empresariais, ten como un dos seus obxectivos mellora xestión e funcionamento das cooperativas que asocia. Coñecida a situación existente, dun baixo nivel de xerencias profesionais nas cooperativas, márcase como obxectivo ofrecer un servizo de **apoio ao labor xerencial**, convocando para elo o programa de bolsas de xerencia en cooperativas.

O obxecto desta convocatoria é **seleccionar a 4 persoas borseiras**, desempregadas, **tituladas e formadas na área empresarial**, para incorporarse nalgunha das cooperativas beneficiarias seleccionadas, realizando prácticas, en réxime de xerencia individual, e un proxecto de apoio e mellora xerencial na cooperativa, **durante 6 meses** (a bolsa exige ter dispoñibilidade, porque require dunha adicación continua e presencial).

A finalidade do programa é dobre, **mellorar as condicións nas que as cooperativas abordan a función xerencial**, dirixida a consolidar **procesos de mellora** e tamén **fomentar o emprego** mellorando a capacitación das persoas mediante un proceso de iniciación profesional nas cooperativas.

## Condicións das bolsas

### Selección das persoas borseiras

Realizarase un proceso de selección das 4 persoas borseiras, do que se encarga ESPAZO COOP, para seren asignadas a cada unha das cooperativas beneficiarias dunha bolsa, que terá dúas fases:

- 1) Pre-selección en función do curriculum e un formulario de datos.

2) Selección final das persoas bolseiras, unha vez realizado un curso de formación sobre cooperativismo en Santiago de Compostela os días 3, 4, 7 e 8 de maio. Cabe a posibilidade de que as cooperativas e/ou ESPAZO COOP poidan realizar algunha entrevista ás candidatas.

## Período de inicio e finalización da bolsa

A estadía da persoa bolseira na cooperativa comprendera do 1 de xuño ao 30 de novembro de 2018.

## Ubicación xeográfica das cooperativas beneficiarias

- Vigo (Pontevedra)
- Salvaterra do Miño (Pontevedra)
- Ourense (Ourense)
- Arteixo (A Coruña)

A cada persoa bolseira seleccionada seralle asignada unha cooperativa en base á localidade á que candidatará .

## Programa formativo

As bolsas son un programa formativo (teórico e práctico), e as persoas bolseiras seguirán un Plan de Traballo establecido, de xerencia dunha cooperativa, tendo como obxectivo final a elaboración dun **proxecto de Plan de Mellora** para a cooperativa.

A formación está adaptada ás particularidades do modelo empresarial cooperativo, que forma parte do sector da Economía Social, e basease en principios e valores propios, como a participación, a xestión democrática, a relación coa comunidade, a propiedade conxunta, a cooperación entre cooperativas, a autonomía, a axuda mutua, a responsabilidade compartida, a equidade ... O programa **incorpora as especialidades do Cooperativismo e a Economía Social**, sector que representa outras formas de relacións económicas, opostas a modelos baseados na obtención de beneficios soamente económicos.

O proceso de traballo será facer unha diagnose interna da cooperativa, facendo un percorrido polas diferentes áreas :

- Organizativa e lexislativa
- Comercial e mercadotecnia
- Económico e financeira
- Planificación estratéxica e Plan de mellora

E para elo contan cunha **titoría de ESPAZO COOP** que se encarga de realizar o seguimento e acompañamento dos traballos prácticos que fai na cooperativa como: acadar información relevante dos distintos ámbitos da cooperativa, analizar as diferentes áreas, aprender a interpretar a información, ordenar a información, propor, comunicar e guiar con eficacia para acadar obxectivos, planificar para lograr as metas, aplicar accións de mellora, realizar o seguimento das medidas tomadas na cooperativa, etc.

Tratarase de que as persoas bolseiras adquiren unha visión estratéxica para aplicala na cooperativa; potenciar capacidades e habilidades claves para anticiparse ás consecuencias da xestión.

Non só se trataría de xestionar máis ou mellor, senón pensar estratéxicamente en novas accións que se terían que realizar ou cales deberían deixar de facerse.

Os traballos, en cada cooperativa beneficiaria dunha bolsa, terán un certo grao de adaptabilidade, en base ás súas necesidades e demandas específicas na área xerencial da cooperativa.

## Lugares nos que se desenvolve a bolsa

Como as persoas bolseiras seguirán un programa formativo teórico-práctico, dinamizado por un titor da Unión, o lugar de celebración dos traballos de apoio xerencial serán :

- Por un lado, nas instalacións da propia cooperativa que se lle asigne
- Por outro lado, nos lugares onde se desenvolvan as sesións de tutoría ao longo da bolsa, nas que deben participar. (En instalacións de ESPAZO COOP, ou doutras entidades colaboradoras, nas localidades que se acorde en común, en función das diferentes orixes xeográficas da xente participante)

A meirande parte da bolsa desenvólvese nas instalacións da cooperativa.

## Duración e adicación semanal da bolsa na cooperativa

A **adicación semanal** da persoa bolseira será **de 25 horas semanais**, e desenvolverase ao longo de **6 meses**.

## Axuda económica

Cada persoa bolseira recibirá una retribución bruta mensual de **775 €**, cantidade á que se lle descontará a Seguridade Social e a retención do IRPF correspondentes.

## Solicitantes e perfís

Persoas, desempregadas, diplomados-as e licenciados-as en titulacións relacionadas coa xestión empresarial (Administración e Dirección de Empresas, Económicas, Empresariais, Relacións Laborais, ...), tamén titulados-as en Ciclos Superiores de formación profesional en especialidades relacionadas coa xestión empresarial.

Perfís en sintonía coa economía cooperativa, ou con sensibilidade, predisposición e inquietude por modelos empresariais con esa orientación.

## Selección das persoas bolseiras

Para a selección de bolseiros/as valorarase a traxectoria de estudos, coñecementos técnicos (análise económica e financeira, xestión fiscal, laboral ou contable, estratexia empresarial...), a formación e coñecementos en cooperativismo, as experiencias laborais, experiencias de carácter asociativo ou comunitario, de voluntariado, etc.

Tamén poden ser valoradas as actitudes e aptitudes para desenvolver labores xerenciais -capacidades e habilidades neste senso-, como aspectos de iniciativa, resolución de conflitos, motivación, traballo en equipo e habilidades sociais, tamén os coñecementos de ferramentas e instrumentos de xestión, así como as que se poidan determinar coas cooperativas para cada proxecto concreto.

A selección final dos beneficiarios-as será validada por unha Comisión de ESPAZO COOP, atendendo aos criterios establecidos na convocatoria para cooperativas deste programa.

## Solicitudes e prazo

O prazo para inscribirse abrangue do **13 ao 23 de abril de 2018**. As persoas interesadas en candidatar como borseiras deberán :

- 1.- Cumprimentar o **formulario electrónico de datos: FORMULARIO INSCRIPCIÓN**
- 2.- Enviar o seu **currículum** a ESPAZO COOP, ao correo electrónico: [roberto@espazo.coop](mailto:roberto@espazo.coop)

A inscrición **deberá indicar**, entre outros datos, a **localidade á que optan**.

- O que as candidatas indiquen no formulario de inscrición debe axustarse ao indicado no currículum enviado.
- O currículum avalorará certas respostas do formulario, e debe cumprir os requisitos e condicións mencionadas nesta convocatoria, se non é así, a súa puntuación pode ser minorada ou inclusive pode excluirse a candidatura, ao non poder contrastar ou xustificar as respostas dadas no formulario e os requisitos da convocatoria.
- O currículum ten que poder acreditarse no momento que ESPAZO COOP o solicite.

### Teléfono e mail de consulta e información:

986 86 61 49. De 9:00 a 14.00 horas, de luns a venres.  
[roberto@espazo.coop](mailto:roberto@espazo.coop)

## Aceptación das bases

A presentación da solicitude implica a conformidade e aceptación das bases da convocatoria por parte da persoa solicitante.

As entidades convocantes resérvanse a posibilidade de modificar as datas, se fora o caso, por motivos e causas de interese para o desenvolvemento do proceso e o programa.